



PRINCIPAIS INDICADORES DA MEDIACIÓN DE SEGUROS EN GALICIA

EXERCICIO 2018



1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	COMPETENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE	3
	COMPETENCIAS	3
3.	METODOLOXÍA UTILIZADA	4
3.1.	OBTENCIÓN DA INFORMACION	4
4.	REXISTRO DE MEDIADORES	5
4.1.	SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2018	5
4.2.	EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2016-2018.	6
4.3.	SITUACIÓN DO REXISTRO 30 DE XUÑO DE 2019.	6
5.	INDICADORES REFERIDOS Á ACTIVIDADE DOS MEDIADORES INSCRITOS NO REXISTRO AUTONÓMICO	7
5.1.	PRIMAS INTERMEDIADAS	7
5.1.1.	Distribución entre volume total e nova produción no período 2016 – 2018 (millóns de euros).	7
5.1.2.	Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación (millóns de euros)	8
	Distribución por ramos de NON VIDA e figura de mediación. (miles de euros)	9
	Distribución por ramos e figura de mediación. VIDA (miles de euros)	11
5.1.3.	Distribución por compañías aseguradoras (miles de euros)	11
5.1.4.	Rede de distribución (miles de euros)	12
5.2.	COMISIÓNS	13
5.2.1.	Distribución do total de comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación (miles de euros)	13
5.2.2.	Distribución por figuras de mediación. NON VIDA (miles de euros)	14
5.2.3.	Distribución por figuras de mediación. VIDA (miles de euros)	15
5.3.	HONORARIOS PROFESIONAIS por ramos.	16
5.3.1.	Distribución dos ramos de NON VIDA entre o total negocio e a nova produción (en euros)	16
5.3.2.	Distribución nos ramos de VIDA entre o total negocio e a nova produción (en euros).	16
5.4.	ESTRUTURAS EMPRESARIAIS	17
5.4.1.	Medios persoais	17
5.4.2.	Oficinas e sucursais	19
6.	CONCLUSIÓNS XERAIS:	19



1. INTRODUCCIÓN

O obxecto do presente informe é analizar a evolución dos principais indicadores da actividade de mediación levada a cabo polos mediadores que desenvolveron a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o exercicio 2018 e, polo tanto, figuraban inscritos no rexistro autonómico.

A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados establece a obriga de inscrición de todos os mediadores de seguros e corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España con carácter previo ao inicio da súa actividade. Os datos inscríbense nos rexistros administrativos que levan tanto a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións como as comunidades autónomas con competencias en mediación de seguros, e fanse públicos a través das páxinas web das respectivas comunidades e do Punto Único de Información (P.U.I.) accesible a través da páxina web da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Unha vez inscritos no rexistro correspondente e iniciada a súa actividade, os mediadores de seguros deben remitir, ao órgano competente segundo o ámbito territorial de actividade, a información estatístico-contable co contido e a periodicidade que se determine regulamentariamente. A orde da Consellería de Facenda do 25 de marzo de 2014, sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Declaración Estatístico-Contable para a información referida a cada exercicio, se remitirá antes do 30 de abril do seguinte.

Para a elaboración deste informe, utilizáronse os datos correspondentes ao exercicio 2018 achegados polos mediadores de seguros inscritos no rexistro autonómico.

2. COMPETENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE

COMPETENCIAS

- Lei Orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1748/1999, do 19 de novembro, polo que se transfiren á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediación de seguros.
- Decreto 321/1999, do 16 de decembro, que atribúe ditas funcións e servizos á Consellería de Economía e Facenda.
- Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados.



- Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, que asigna as citadas competencias á Consellería de Facenda, correspondéndolle as funcións á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a través da Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.
- Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de marzo de 2014, sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia

3. METODOLOXÍA UTILIZADA

3.1. ***OBTENCIÓN DA INFORMACION***

Os datos utilizados para a elaboración do presente informe, obtivéronse:

- 1.- Do Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.- Das declaracións estatístico-contables (D.E.C.) do exercicio 2018, presentadas polos mediadores, segundo os modelos publicados na Orde do 25 de marzo de 2014.

O prazo para presentar a Declaración Estatístico Contable do exercicio 2018 rematou o 30 de abril de 2019. Unha vez rematado o prazo de presentación, na revisión da documentación presentada, fíxose un seguimento especial sobre o cumprimento dos requisitos previstos na lei 26/2006 respecto á responsabilidade civil profesional e á capacidade financeira.

Da análise realizada, tanto das declaracións estatístico contables como de comprobacións feitas durante o primeiro semestre do ano 2019, conclúese que os mediadores que desenvolven a súa actividade na comunidade autónoma, compren coas súas obrigas legais e están ao día dos pagamentos dos correspondentes recibos tanto de responsabilidade civil como do seguro de caución, o que garante a súa capacidade financeira para o exercicio da actividade de mediación.

Aínda que a 31 de decembro de 2018 o número de mediadores inscritos no rexistro era de 124, o número de mediadores que tiñan a obrigación de presentar a DEC era de 132. Isto débese ao feito de que 8 foron dados de baixa durante o exercicio pero, aínda así, teñen a obriga de presentar a declaración polo período no que desenvolveron a actividade. Dado que unha declaración non foi presentada en prazo, finalmente para a elaboración do informe analizouse a documentación presentada por 131 mediadores.



4. REXISTRO DE MEDIADORES

4.1. SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2018

A 31 de decembro de 2018 figuraban inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia 124 mediadores: 100 corredores e 24 axentes de seguros vinculados.

SITUACIÓN REXISTRO AUTONÓMICO A 31/12/2018	
AXENTES VINCULADOS PERSOAS FÍSICAS	10
AXENTES VINCULADOS PERSOAS XURÍDICAS	14
TOTAL AXENTES VINCULADOS	24
CORREDORES PERSOAS FÍSICAS	38
CORREDORES PERSOAS XURÍDICAS	62
TOTAL CORREDORES	100
TOTAL PERSOAS FÍSICAS	48
TOTAL PERSOAS XURÍDICAS	76
TOTAL MEDIADORES	124

Segundo a forma xurídica, 48 son persoas físicas e 76 persoas xurídicas.

Atendendo á distribución por provincias, 73 exercen a actividade na Coruña, 14 en Lugo, 9 en Ourense e 28 en Pontevedra.

A Coruña segue a ser a provincia que ten maior proporción de mediadores. Pontevedra, Lugo e Ourense continúan coas mesmas posicións que en anos anteriores.

O número de mediadores inscritos no rexistro autonómico minorouse, durante o ano 2018, nun total de nove como consecuencia dos seguintes cambios:


- Autorizouse a alta dun mediador.
- Producíronse 10 baixas: 5 por cese da actividade, 1 cancelación por incumprimento de requisitos e 4 por ampliación do ámbito de actividade e que, polo tanto, pasaron a ser supervisados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4.2. EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2016-2018.

A evolución do rexistro móstrase no seguinte cadro:

	2016	2017	2018
AXENTES VINCULADOS PERSOA FÍSICA	15	13	10
AXENTES VINCULADOS PERSOA XURÍDICA	18	16	14
TOTAL VINCULADOS	33	29	24
CORREDORES PERSOA FÍSICA	41	40	38
CORREDORES PERSOA XURÍDICA	66	64	62
TOTAL CORREDORES	107	104	100
TOTAL	140	133	124

Con respecto á figura de mediación, predominan as corredorías de seguros en todos os exercicios, distribuíndose no ano 2018 da seguinte forma: 62 corredorías, 38 corredores, 14 axentes vinculados persoas xurídicas e 10 axentes vinculados persoas físicas.



4.3. SITUACIÓN NO REXISTRO A 30 DE XUÑO DE 2019.

No primeiro semestre do ano 2019, foron inscritos dous mediadores e produciuse a baixa de outros dous mediadores como consecuencia da ampliación do ámbito de actuación. Polo tanto, no caso das baixas, non houbo cese na actividade de mediación e o número de inscritos no rexistro non varía con respecto a 31 de decembro de 2018.



5. INDICADORES REFERIDOS Á ACTIVIDADE DOS MEDIADORES INSCRITOS NO REXISTRO AUTONÓMICO

En base a información das declaracións presentadas polos mediadores e para coñecer a situación e evolución da mediación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, analízanse os seguintes indicadores:

- **PRIMAS INTERMEDIADAS**
- **COMISIÓNS**
- **HONORARIOS**
- **ESTRUTURAS EMPRESARIAIS**

5.1. PRIMAS INTERMEDIADAS

Con respecto ás primas correspondentes á carteira de seguros intermediada, analízase a información comparándoa en base aos seguintes criterios:


- Distribución entre o volume total e nova produción no período 2016-2018.
- Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación.
- Distribución por compañías aseguradoras.
- Rede de distribución.

5.1.1. Distribución entre volume total e nova produción no período 2016 – 2018 (millóns de euros).

No ano 2018 os mediadores inscritos no rexistro autonómico acadaron un volume total de primas intermediadas de 78,7 millóns de euros. Deste importe, o 26,3% corresponde a nova produción.

PRIMAS MEDIADAS (millóns de euros)	2016	2017	VAR 2017/2016	2018	VAR 2018/2017
TOTAL NEGOCIO	77,6	78,2	0,7%	78,7	0,6%
NOVA PRODUCCIÓN	20,0	20,2	0,8%	20,7	2,5%
% NOVA PRODUCCIÓN / TOTAL NEGOCIO	25,8%	25,8%		26,3%	

No seguinte gráfico de dobre entrada pódese observar a evolución das primas mediadas totais e de nova produción:




– No ano 2018 mantense o nivel acadado no ano anterior, e prodúcense incrementos do 0,6% no total negocio, e 2,5% na nova produción.

5.1.2. Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación (millóns de euros)


	NON VIDA				VIDA				TOTALS	
	TOTAL NEGOCIO	% SOBRE O TOTAL	NOVA PRODUCCIÓN	%	TOTAL NEGOCIO	% SOBRE O TOTAL	NOVA PRODUCCIÓN	%	TOTAL NEGOCIO	TOTAL NOVA PROD.
VINCULADOS P.F.	2,3	3,8%	0,4	3,1%	0,7	4,1%	0,3	4,1%	3,0	0,7
VINCULADOS P.X.	5,7	9,5%	1,1	7,9%	2,7	15,0%	0,9	13,7%	8,5	2,0
TOTAL VINCULADOS	8,0	13,3%	1,6	10,9%	3,5	19,1%	1,1	17,7%	11,5	2,7
CORREDORES P.F.	9,4	15,5%	1,8	12,9%	2,8	15,3%	0,7	10,3%	12,2	2,5
CORREDORES P.X.	43,0	71,2%	10,9	76,2%	12,0	65,6%	4,6	72,0%	54,9	15,5
TOTAL CORREDORES	52,4	86,7%	12,8	89,1%	14,8	80,9%	5,2	82,3%	67,1	18,0
TOTAL	60,4		14,4		18,3		6,3		78,7	20,7
% SOBRE O TOTAL	76,8%		69,4%		23,2%		30,6%			

DISTRIBUCIÓN POR RAMOS





DISTRIBUCIÓN POR FIGURA



- As primas intermediadas nos ramos de non vida seguen sendo, con diferenza, as que acadan os maiores porcentaxes chegando ao 76,8% do total negocio.
- Os corredores, persoas físicas e xurídicas, intermedian 67,1 millóns de euros, o que supón un 85,4% do total fronte aos 11,5 millóns de euros (14,6% do total) dos axentes vinculados.
- Esta distribución mantense igualmente na nova produción, intermediando os corredores 18 millóns de euros (un 87% do total) fronte aos 2,7 millóns de euros dos axentes vinculados (13% do total).


Distribución por ramos de NON VIDA e figura de mediación. (miles de euros)

AXENTES VINCULADOS


	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
AUTOS	4.707,3	58,6%	1.140,7	72,8%
MULTIRRISCO FOGAR	1.050,5	13,1%	140,6	9,0%
MULTIRRISCO COMUNIDADES	517,1	6,4%	64,1	4,1%
RC EN XERAL-OUTROS RISCOS	336,1	4,2%	71,4	4,6%
OUTROS MULTIRISCOS	335,3	4,2%	7,3	0,5%
MULTIRRISCO COMERCIOS	295,6	3,7%	45,7	2,9%
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	252,8	3,1%	30,8	2,0%
OUTROS RAMOS	541,7	6,7%	66,1	4,2%
TOTAIS	8.036,5		1.566,8	



TOTAL NEGOCIO




NOVA PRODUCCIÓN




CORREDORES

	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
AUTOS	25.184,5	48,1%	7.529,1	58,9%
MULTIRRISCO FOGAR	4.545,4	8,7%	805,0	6,3%
RC EN XERAL-OUTROS RISCOS	4.308,6	8,2%	910,9	7,1%
INCENDIOS E ELEMENTOS NATURAIS	4.258,2	8,1%	279,5	2,2%
MULTIRRISCO COMUNIDADES	3.707,0	7,1%	720,0	5,6%
ASISTENCIA SANITARIA	1.374,3	2,6%	173,7	1,4%
MULTIRRISCO INDUSTRIAIS	1.296,6	2,5%	266,1	2,1%
OUTROS RAMOS	7.684,9	14,7%	2.105,9	16,5%
TOTAIS	52.359,4		12.790,3	

TOTAL NEGOCIO



NOVA PRODUCCIÓN





- O ramo de autos encabeza os ramos de non vida en todas as figuras da mediación, no total negocio e na nova produción. As porcentaxes varían entre o 58,6% nos axentes vinculados ao 48,1% nos corredores.
- Segue en importancia o seguro de multiriscos do fogar.

Distribución por ramos e figura de mediación. VIDA (miles de euros)

	AXENTES VINCULADOS				CORREDORES			
	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%	TOTAL NEGOCIO	%	NOVA PRODUCCIÓN	%
INDIVIDUAL	3.465,2	99,4%	1.123,4	100,0%	14.603,8	98,8%	5.207,3	99,9%
COLECTIVO	20,0	0,6%	0,4	0,0%	170,1	1,2%	4,2	0,1%
TOTAL	3.485,2		1.123,7		14.773,9		5.211,5	

- Os seguros individuais acaparan case a totalidade do negocio fronte aos seguros colectivos. Superan o 98,8% na actividade dos corredores e chegan practicamente ao 100% no caso dos axentes vinculados.
- A maior produción correspondeu a seguros individuais intermediados por corredores.


5.1.3. Distribución por compañías aseguradoras (miles de euros)

Os mediadores que desenvolven a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, intermedian primas a través de 99 entidades aseguradoras.

Ordenando as compañías aseguradoras por volume de negocio obtense a seguinte información e porcentaxes de cada figura de mediación:

	Vinculados PF	Vinculados PX	Corredores PF	Corredores PX	Total	%
Compañía Aseguradora 1	998,5	3.498,1	4.204,9	18.827,6	27.529,0	35,0%
Compañía Aseguradora 2	884,0	669,1	818,6	6.176,4	8.548,1	10,9%
Compañía Aseguradora 3	29,7	398,2	1.455,7	3.779,6	5.663,2	7,2%
Compañía Aseguradora 4	62,1	358,7	1.547,6	2.994,1	4.962,4	6,3%
Compañía Aseguradora 5	17,5		755,0	3.599,9	4.372,4	5,6%
Outras Compañía Aseguradoras	1.043,5	3.562,5	3.403,3	19.570,7	27.580,1	35,1%
Total	3.035,2	8.486,6	12.185,1	54.948,2	78.655,1	

Mediación por Aseguradora




- Hai cinco compañías aseguradoras coas que se media o 65% do total.
- O 35% restante está distribuído entre o resto de compañías, cuxo número ascende a 94.
- A compañía coa que máis primas se media acada 27,5 millóns de €, o que representa o 35% do total.

5.1.4. Rede de distribución (miles de euros)

Para a distribución de produtos de seguros, os mediadores poden utilizar o seguintes medios: a rede propia, os colaboradores externos, que a súa vez poden ser asesores ou non asesores, e outros corredores, obtendo os seguintes resultados por figura de mediación:

	REDE PROPIA	COLABORADORES EXTERNOS NON ASESORES	COLABORADORES EXTERNOS ASESORES	OUTROS CORREDORES	TOTAL
TOTAL VINCULADOS	11.428,0	0,0	93,7	0,0	11.521,7
TOTAL CORREDORES	62.151,3	4.343,7	608,6	29,7	67.133,3
TOTAL	73.579,3	4.343,7	702,3	29,7	78.655,1
%	93,5%	5,5%	0,9%	0,0%	



- A maior parte das primas distribúese a través da rede propia dos mediadores: 73,5 millóns de €, o 93,5% do total.
- O importe mediado coa participación de colaboradores externos acada o 6,4%, correspondendo o 5,5% a colaboradores externos non asesores, e o 0,9% aos colaboradores externos asesores.
- Os importes mediados a través de outros corredores son pouco significativos.

5.2. COMISIONS

En relación coas comisións que perciben os mediadores de seguros, analízanse os seguintes puntos:

- Distribución do total de comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación.
- Distribución por figuras de mediación en ramos de non vida.
- Distribución por figuras de mediación en ramos de vida.

5.2.1. Distribución do total de comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación (miles de euros)

Na seguinte táboa analízase a distribución das comisións percibidas por ramos e figuras de mediación, tanto do total negocio coma da nova produción:




	TOTAL NEGOCIO		COMISIONS TOTAL NEGOCIO	NOVA PRODUCCIÓN		COMISIONS NOVA PRODUCCIÓN
	NON VIDA	VIDA		NON VIDA	VIDA	
VINCULADOS	1.117,9	77,5	1.195,4	164,9	9,8	174,7
CORREDORES	7.752,8	372,4	8.125,3	1.679,7	104,1	1.783,9
TOTAL	8.870,7	450,0	9.320,7	1.844,7	113,9	1.958,6

- As comisións percibidas corresponden sobre todo ao ramo de non vida, tanto polo que respecta ao total negocio como a nova produción.
- As comisións percibidas polos mediadores ascenden no ano 2018 a 9.320,7 miles de euros, o que supón un lixeiro descenso do 2,6% con respecto ao ano 2017.

5.2.2. Distribución por figuras de mediación. NON VIDA (miles de euros)

RAMOS NON VIDA	TOTAL VINCULADOS	TOTAL CORREDORES	COMISIONS TOTALS
Autos	521,2	2.921,4	3.442,6
Multirrisco fogar	239,3	1.093,7	1.332,9
Multirrisco Comunidades	95,9	740,0	835,9
R.C. en Xeral-Outros riscos	57,7	687,8	745,5
Incendios e elementos naturais	0,0	577,4	577,4
Multirrisco comercios	57,2	264,8	322,0
Multirrisco industriais	43,7	267,9	311,7
Accidentes	26,5	199,3	225,8
Transportes	5,2	191,6	196,8
Decesos	29,6	156,3	185,9
Asistencia sanitaria	5,2	137,7	142,9
Enfermidade	11,2	110,2	121,3
Outros	25,1	404,9	430,0
TOTALS	1.117,9	7.752,8	8.870,7

COMISIÓNS TOTAIS



- O total de comisións devengadas no ramo de non vida polos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma no ano 2018 ascende á cantidade de 8.870,7 miles de euros.
- En coherencia co volume total do negocio por ramos, o seguro de autos é o que proporciona un maior importe de comisións.

5.2.3. Distribución por figuras de mediación. VIDA (miles de euros)


RAMOS VIDA	TOTAL VINCULADOS	TOTAL CORREDORES	TOTAL
Individual	73,8	358,1	431,8
Colectivo	3,8	14,3	18,1
TOTAIS	77,5	372,4	450,0

- O total de comisións devengadas polos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma no ano 2018, acadou a cantidade de 450 miles de euros.
- Os seguros individuais supoñen case a totalidade das comisións do ramo de vida.

5.3. HONORARIOS PROFESIONAIS POR RAMOS.

5.3.1. Distribución dos ramos de NON VIDA entre o total negocio e a nova produción (euros)

RAMOS NON VIDA	TOTAL NEGOCIO	NOVA PRODUCCIÓN
Incendios e e.n.	182.025	64.953
Autos	72.593	33.996
Multirriscos Fogar	15.219	4.799
R.C. Outros riscos	19.591	3.978
Transportes	2.714	850
Outros	6.693	1.530
TOTAL	298.836	110.106



5.3.2. Distribución nos ramos de VIDA entre o total negocio e a nova produción (euros).

RAMOS VIDA	TOTAL NEGOCIO	NOVA PRODUCCIÓN
Individual	634	267
Colectivo	0	0
TOTAL	634	267



Conclusións:

- Os honorarios totais no ano 2018 acadan o importe de 299.469 €, correspondendo ao ramo de non vida 298.836 € e 634 € ao ramo de vida. Apréciase un ascenso con respecto ao exercicio 2017 en ambos ramos, sobre todo no de vida, que acada un 33,9%. O ramo de non vida ascendeu un 18,3%.
- Os honorarios profesionais xéranse case totalmente nos ramos de non vida, incendios e elementos naturais e autos sobre todo.
- Os honorarios dos ramos de vida non son significativos.

5.4. ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

A estrutura das organizacións analízase a través dos seguintes indicadores:

- Medios persoais afectos á actividade de mediación: órganos de dirección, empregados que participan e non participan directamente na mediación e colaboradores externos.
- Oficinas e sucursais.

5.4.1. Medios persoais


Unicamente se ten en conta ao persoal que participa na mediación. O tipo de persoal relaciónase no seguinte cadro:

	PERSONAL DATOS 2017					PERSONAL DATOS 2018					VAR 2018/2017
	A.V.P. F.	A.V.P. X	C.S.P. F.	C.S.P. X.	TOTAL 2017	A.V.P. F.	A.V.P. X	C.S.P. F.	C.S.P. X.	TOTAL 2018	
ÓRGANOS DE DIRECCIÓN	14	18	40	71	143	14	17	44	78	153	7,0%
EMPREGADOS CON ASESORAMENTO	3	6	8	41	58	1	4	8	44	57	-1,7%
EMPREGADOS SEN ASESORAMENTO	1	5	12	34	52	0	3	11	38	52	0,0%
COLABORADORES EXTERNOS NON ASESORES			13	159	172			12	142	154	-10,5%
COLABORADORES EXTERNOS ASESORES		1		7	8		1		6	7	-12,5%
OUTRO PERSONAL		2	2	16	20		2	2	21	25	25,0%
TOTAIS	18	32	75	328	453	15	27	77	329	448	-1,1%

Na seguinte táboa detállase por figura de mediación o número de empregados, con e sen asesoramento, nos anos 2017 e 2018:



	Nº EMPREGADOS 2017	Nº EMPREGADOS 2018
VINCULADOS P.F.	4	1
VINCULADOS P.X.	11	7
TOTAL VINCULADOS	15	8
CORREDORES P.F.	20	19
CORREDORES P.X.	75	82
TOTAL CORREDORES	95	101
TOTAL	110	109
VARIACIÓN		-1%



Conclusións:

- Dos cadros anteriores dedúcese que 448 persoas, directa ou indirectamente, participaron no ano 2018 na actividade de mediación a través dos mediadores inscritos no rexistro da comunidade autónoma, diminuíndo en 5 persoas con respecto aos 453 do ano 2017. As variacións máis importantes prodúcense en colaboradores externos asesores (12,5%) seguido dos colaboradores externos non asesores e os empregados con asesoramento..
- O número de empregados dos mediadores (con ou sen funcións de asesoramento) acadou os 109, descendendo un 1% con respecto ao 2017.



5.4.2. Oficinas e sucursais

- Na maior parte dos casos a actividade de mediación desenvólvese nunha soa oficina, sobre todo nos axentes vinculados.
- No caso dos corredores, soamente 8 (dun total de 107) teñen algunha sucursal.

6. CONCLUSIÓNS XERAIS:

- ❖ Nos últimos 3 anos o número de mediadores mostra unha tendencia descendente. No ano 2018 o número de mediadores é de 124, comparado co número de mediadores no 2017 que foi de 133. Esta diminución, na maior parte dos casos, non supón o abandono da actividade de mediación senón que, das 10 baixas no rexistro autonómico, houbo un total de 6 mediadores que foron baixa real, os 4 restantes seguen actuando como tal, ben a través de distinta figura de mediación ou ampliando o seu ámbito territorial.
- ❖ A Coruña segue sendo a provincia con maior número de mediadores con diferenza respecto as outras.
- ❖ As primas intermediadas ascenden a 78,2 millóns de €. No ano 2018 prodúcese un incremento do 0,6% no volume total de primas intermediadas con respecto ao 2017.
- ❖ O ramo de non vida segue acaparando o negocio dos mediadores de seguros, destacando o ramo de autos, con moita diferenza, seguido a gran distancia polos seguros multiriscos.
- ❖ O ramo de vida supón o 23,2% do negocio, case na súa totalidade en seguros individuais.
- ❖ O negocio dos mediadores de seguros foi distribuído a través da súa propia rede nunha porcentaxe do 93,5%. A través dos colaboradores externos distribuíuse o 6,4% do negocio (5,5% a través de colaboradores externos non asesores, e 0,9% a través de asesores).
- ❖ Os corredores de seguros retribúense na maior parte a través das comisións, os honorarios supoñen unha pequena parte dos seus ingresos por mediación, aínda que é salientable o incremento notable con respecto ao ano anterior nos ramos de vida (33,9%) e non vida (18,3%).
- ❖ O persoal directamente ocupado no sector da mediación en Galicia diminúe en relación ao 2017 en empregos directos, que non se compensa co aumento en órganos de dirección e en outro persoal, resultando un descenso do cómputo global de persoal en 5 persoas.